

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura no bacharelato, como na ESO, ten como obxectivo xeral o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, para que, a través dela, as alumnas e os alumnos poidan interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Ademais contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tal e como recolle o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato: oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. En consecuencia, a lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- Para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas, é dicir, para a comprensión e posta en valor da realidade plurilingüe en que nos movemos ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio por esa diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística.

Este é o primeiro dos obxectivos, vinculado ao primeiro dos catro bloques en que se distribúen os criterios de avaliación e os saberes básicos, «As linguas e os seus falantes».

- Para analizar criticamente a información e xerar e difundir ideas e opinións, é dicir, para unha aprendizaxe instrumental ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para a produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional.

Así o recollen os obxectivos dous, tres, catro, cinco e seis, vinculados ao segundo dos bloques da materia, «Comunicación».

- Para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións a través da lectura, servíndose da literatura como fonte de pracer e enriquecemento persoal ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, a respecto da competencia literaria, para desenvolver unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos a través de dúas modalidades de lectura guiada e autónoma.

Así o recollen os obxectivos sete e oito, vinculados ao terceiro bloque da materia, «Educación literaria».

- Para reflexionar sobre o funcionamento da lingua, é dicir, para a aprendizaxe formal da propia lingua ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

Este é o noveno dos obxectivos, vinculado ao cuarto bloque da materia, «Reflexión sobre a lingua».

- Para desenvolver unha ética da comunicación, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro. Este é o décimo obxectivo, transversal a todos os anteriores, polo que debemos procuralo nos catro bloques da materia.

Esta Introducción, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o cap. IV da LOE 2/2006, refundido na LOMLOE, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato.

A proposta didáctica que se presenta para segundo de bacharelato xira arredor de 3 unidades didácticas nas que se abordan os catro bloques de contidos. Convén sinalar que nas unidades se desenvolven diferentes lecturas, elemento de gran relevancia para nós ao permitírnos, ademais doutros aspectos, tratar diferentes elementos transversais. Ademais disto, en cada trimestre propóñense libros de lectura con temáticas variadas e tentando abranguer os diferentes xéneros literarios. Finalmente, á hora de nos achegar a calquera temática, a oralidade será a liña fundamental de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua. Tamén a través da oralidade introduciremos temas para tratar os diferentes contidos transversais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Primeiro terzo do século XX	Fonética e fonoloxía As variedades xeográficas do galego Estereotipos e prexuízos lingüísticos Historia da normativización. Interferencias e desviacións da norma Contexto histórico, social, cultural e lingüístico do primeiro terzo do s. XX A poesía do primeiro terzo do século XX A prosa do primeiro terzo do século XX O teatro do primeiro terzo do século XX A estrutura das palabras A formación de palabras Análise morfosintáctica	33	29	X		
2	De 1936 a 1976	A semántica Campos léxicos As linguas da Península Ibérica A lusofonía O galego nos séculos XX e XXI A poesía de 1936 a 1976 A prosa de 1936 a 1976 O teatro entre 1936 e 1976	33	29		X	
3	De 1976 a hoxe	A sintaxe O galego, lingua en vías de normalización A evolución da conciencia lingüística O galego hoxe A literatura actual: Contexto histórico, social e cultural A lírica actual A prosa actual O teatro actual	34	29			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Primeiro terzo do século XX	29

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Recoñecer o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Entender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade	PE	80
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos discursivos, lingüísticos e de estilo para enriquecer os textos, coidando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Recoñecer o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados (textos académicos e dos medios de comunicación).		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións, sobre todo das redes sociais e doutros contornos dixitais.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados, tendo en conta a calidade, a fiabilidade e a idoneidade da canle usada e a eficacia dos procedementos comunicativos utilizados.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa, axeitada, cooperativa e cortés en interaccións orais informais, en situacións orais formais e no traballo en equipo		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa, adecuada, cooperativa e cortés en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Avaliar a calidade, a fiabilidade e a eficacia do contido e a forma de textos de especializados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e explicar o propio itinerario lector e cultural.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Compartir a experiencia da lectura e elaborar unha interpretación persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos discursivos, lingüísticos e de estilo para enriquecer os textos, tendo en conta tamén a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.

Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	De 1936 a 1976	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñecer as linguas da península Ibérica.	PE	80
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Refutar os prexuízos e estereotipos lingüísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Recoñecer o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Entender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos discursivos, lingüísticos e de estilo para enriquecer os textos, coidando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Recoñecer o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados (textos académicos e dos medios de comunicación).		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos no ámbito persoal e no educativo e social.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados, tendo en conta a calidade, a fiabilidade e a idoneidade da canle usada e a eficacia dos procedementos comunicativos utilizados.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social.	TI	20
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa, axeitada, cooperativa e cortés en interaccións orais informais, en situacións orais formais e no traballo en equipo.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa, adecuada, cooperativa e cortés en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Avaliar a calidade, a fiabilidade e a eficacia do contido e a forma de textos de especializados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e explicar o propio itinerario lector e cultural.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Compartir a experiencia da lectura e elaborar unha interpretación persoal.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos discursivos, lingüísticos e de estilo para enriquecer os textos, tendo en conta tamén a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	De 1976 a hoxe	29

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados.	PE	80
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Recoñecer o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Entender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos discursivos, lingüísticos e de estilo para enriquecer os textos, coidando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Recoñecer o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados (textos académicos e dos medios de comunicación).		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada de conflitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados, tendo en conta a calidade, a fiabilidade e a idoneidade da canle usada e a eficacia dos procedementos comunicativos utilizados.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa, axeitada, cooperativa e cortés en interaccións orais informais, en situacións orais formais e no traballo en equipo.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa, adecuada, cooperativa e cortés en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Avaliar a calidade, a fiabilidade e a eficacia do contido e a forma de textos de especializados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e explicar o propio itinerario lector e cultural.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Compartir a experiencia da lectura e elaborar unha interpretación persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos discursivos, lingüísticos e de estilo para enriquecer os textos, tendo en conta tamén a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.

Contidos

- Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo

Contidos

- feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posíbel baseándose nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de traballos e proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, sociais, culturais, históricos, literarios, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicará na materia será o denominado "Flipped Classroom" (Clase invertida), de maneira que o profesorado utilizará materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos seleccionados de internet ou de outras fontes, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de "Aprender facendo e ensinando", onde o alumnado construíra o seu coñecemento facendo tarefas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet etc.

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro, que ofrece un amplo abano de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

- Actividades de presentación-motivación: Para introducir o alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa,

noticia de actualidade etc..., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

- Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca do que saben e que procedementos, destrezas e habilidades ten desenvolvidas o alumnado sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un "test de coñecementos previos" co que o profesorado pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer unha cualificación ao alumnado, senón de proporcionar ao profesorado información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

- Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse diferentes métodos (introdución dun tema ou unidade, exposición de temas puntuais ou propostas de técnicas de traballo; realización dun traballo concreto, incluíndo a fase de deseño, planificación e elaboración final...).

- Actividades de consolidación: Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

- Actividades de síntese-resume: Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

- Actividades de reforzo: Para o alumnado que non alcance os obxectivos ou que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

- Actividades de ampliación: Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a procura de información sobre algún dos contidos da unidade noutras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula.

A participación do alumnado poderase potenciar nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

En resumo, a organización e estruturación das aulas de lingua debe ter como principal obxectivo o desenvolvemento da competencia lingüística, nas súas catro facetas: comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita; polo tanto, deben ter unha marcada orientación participativa e creativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Libro de texto: Lingua 2 BACH, Rodeira.

Libro dixital Rodeira e Plataforma EdebeON+.

Libro de texto: Lingua 2 BACH, Anaya.

Libro de texto: Lingua 2 BACH, Baía.

Recursos e apuntamentos aloxados na Aula Virtual do IES Xograr Afonso Gómez.

Web monográfica sobre a Literatura Galega: "Literatura Galega do s. XX e da actualidade".

Antoloxía de textos ao servizo da lectura guiada na aula.

Gramática práctica da lingua galega, Xoán López Viñas.

Gramática galega, Rosario Álvarez.

Obras literarias de autores estudados e outros actuais.

- O alumnado empregará un caderno ou arquivador, que poderá ser solicitado en calquera momento para avaliar o seu traballo diario. Os traballos entregaranse ou ben en formato dixital, ou manuscritos.

- Propoñeremos libros de lectura para as dúas primeiras avaliacións.

- Cando as actividades para desenvolver os contidos da materia así o requiran, poderán utilizarse os ordenadores, así como calquera outro material audiovisual (pantalla dixital, canon, computador fixo e portátil, conexión a Internet, encerado dixital, películas en DVD, audicións en CD...).

- O profesorado empregará a aula virtual do centro para proporcionar as unidades didácticas e actividades ao alumnado.

- A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, ou mesmo ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Recollerase información nas entrevistas iniciais para coñecer datos relevantes sobre o alumnado no relativo á súa personalidade, nivel de autonomía, expediente académico... Do mesmo xeito, partiremos dos informes individualizados realizados en cursos anteriores. Para obter esta información contarase co Departamento de Orientación.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Proba inicial de comprensión, expresión, contidos gramaticais, ortográficos, léxicos e literarios.

- Creación oral ou escrita de exemplos de diferentes tipoloxías textuais: narracións, exposicións, argumentacións...

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinado alumnado, para a elaboración das medidas oportunas tanto no ámbito colectivo como no individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

Tendo en conta que o curso de 2º Bacharelato se comporta realmente como un curso propedéutico para acceder á formación superior, especialmente á universitaria a través das ABAU, resulta evidente que esa proba externa, ao final do curso académico, condiciona os obxectivos, a metodoloxía e a avaliación por competencias; pois debemos ter en conta as indicacións dadas pola CIUG .

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza aprendizaxe competencial, apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e actividades centradas tanto na utilización da lingua escrita coma oral. Á hora de cualificar cada un dos trimestres teranse en conta, ademais das probas de actividades feitas polo alumnado, a atención na clase, a participación nos traballos e proxectos que se lles encomenden, o interese, o respecto e o seu esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais. Así, os criterios de avaliación serán os seguintes :

- Probas escritas (unha ou varias) (70 %, na 1ª e 2ª avaliación e 80 %, na 3ª avaliación). Servirán para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria. En caso de haber varias probas, a nota para aplicar esta porcentaxe será a media das cualificacións obtidas en cada unha delas.

- Proba de lectura (10 %). Na 1ª e 2ª avaliación, o alumnado lerá, fóra da aula e de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler. Esta tarefa poderá ser avaliada a través dunha proba escrita, dun traballo (cómic, booktube, álbum ilustrado, infografía...) un coloquio, unha entrevista coa persoa docente...

- Expresión escrita e oral (20 %) Teranse en conta as intervencións espontáneas na aula, así como as exposicións orais planificadas ou improvisadas. Ademais, avaliaranse os traballos de expresión escrita, teóricos ou prácticos, individuais ou grupais, manuscritos ou en formato dixital, realizados polo alumnado. Avaliaranse a través de Rúbricas e mediante o Diario de Aula a través da observación directa. Farase unha media aritmética de todas as actividades realizadas. Este apartado avaliarase mediante Táboas de indicadores.

Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as porcentaxes correspondentes e redondearase á alta cando o resultado final sexa igual ou superior a 0.7. (Exemplo: 5.75 ou 5.85 equivale a 6).

A nota final de curso será a media aritmética das tres avaliacións parciais.

En caso de que a media das tres avaliacións sexa suficiente para acadar o aprobado final, o alumnado poderá redondear a súa cualificación ao enteiro inmediatamente superior, a partir de decimais iguais ou superiores a 0.50. (Exemplo: 6,5 ou 6.7 equivalería a 7).

Na corrección de exames e traballos escritos, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos: claridade, coherencia e cohesión textual, ademais de orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro. Terase en conta a corrección lingüística, polo que, sobre a cualificación global, poderá descontarse ata un máximo de 2 puntos por erros. (-0,2, faltas moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do galego; -0,1, faltas graves, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica, e -0,05 faltas leves, resto de faltas). Do mesmo xeito, poderase descontar ata 0,5 puntos por unha deficiente presentación do exame ou traballo.

Se unha persoa copia nun exame, retiraráselle e este será cualificado cun cero. Calquera proba escrita poderá considerarse suspensa, o que implicaría unha cualificación de 0 (cero), se existe constancia de que o alumnado copiou mediante procedementos deshonestos (chuletas, intercambio de exames, uso do móbil ou calquera outro dispositivo informático ou electrónico). No caso de non ter constancia, pero si sospeitas fundadas de que todo ou parte do exame foi copiado (incongruencias, faltas de coherencia na redacción, respostas a cuestións teóricas literais, realización de preguntas diferentes ás propostas, contraste entre cuestións teóricas perfectas fronte a exercicios prácticos ou comentarios de texto en branco ou moi deficientes), o profesorado poderá decidir que se repita a proba ou que esta sexa substituída por unha proba oral que inclúa os mesmos contidos. Tamén se poderá esixir unha proba oral aos alumnos cuxos exames resulten dificilmente comprensibles ou ilexibles a causa dunha presentación e/ou caligrafía notablemente deficientes.

De non acudir a unha proba escrita, só se lle repetirá, a aqueles alumnos que presenten en prazo a xustificación pertinente ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia á proba. A data da proba será fixada polo profesorado da materia.

Criterios de recuperación:

Cada proba non é mais que un dos múltiples procedementos, cos instrumentos correspondentes, de avaliación, polo que non se considera necesario recuperala de forma individualizada. Tendo en conta pois, que os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, non se realizarán probas de recuperación trimestral. Aquel alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá presentarse a unha proba final. De xeito excepcional, aquel alumnado que teña unha única avaliación suspensa cunha cualificación igual ou superior a 4 e na media de todo o curso teña unha cualificación de 5 ou superior, quedará eximido de ir ao exame final. O exame final será semellante aos que se realizaron ao longo do curso. Redondearase á alta cando a cualificación final sexa igual ou superior a 0.5. (Exemplo: 4,5 ou 4,75 equivalería a 5).

Se o alumno ou alumna non acadou o aprobado na avaliación ordinaria deberá presentarse a unha proba extraordinaria no mes de xuño; esta proba versará sobre os contidos traballados e terá unha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso. A cualificación será a nota obtida nesa proba, tendo en conta o redondeo explicado anteriormente.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta, á hora de levar a cabo esta programación, por un lado, as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento de se esgotaren as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.

- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido etc.

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO:

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.

- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X	X	X
ET.8 - Ecoloxía / Ecolingüismo	X	X	X

Observacións:

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA. Intentarase levar a cabo propostas de traballo vencelladas coa mellora da competencia lectora e fomentarase o gusto pola lectura a través das actividades propostas pola Biblioteca, así como doutros recursos que acheguen a rica literatura en lingua galega da que dispomos.

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA . Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral de determinadas tarefas por parte do alumnado.

COMPETENCIA DIXITAL. Fomentarase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, para construír coñecementos, e e producidos a través de medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO. A través da materia e tendo en conta as NOF e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES. Transmitiranse unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...).

IGUALDADE DE XÉNERO. Intentarase concienciar o alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora.

FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO. Respetarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

ECOLOXÍA / ECOLINGÜISMO. Estudarase a diversidade lingüística como ben básico do ser humano e parece obvio que unha actitude responsábel pasa por evitarmos a perda das linguas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Asistencia a representacións teatrais, contacontos, roteiros literarios, proxeccións de cine, exposicións e concertos.	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos o patrimonio social e cultural máis próximo.	X	X	X
Charlas formativas	Visitas ao centro de escritores e escritoras, familias, profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	De escritura creativa, banda deseñada, regueifas, tradicións, arte e artesanía, prácticas sustentables.	X	X	X
Conmemoracións	O Día de Rosalía, o Día do Libro, o Día das Letras Galegas e outras recollidas no calendario escolar, como poden ser: Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...	X	X	X

Observacións:

O departamento de Lingua Galega e Literatura colaborará, na medida do posible, nas actividades propostas pola Biblioteca do centro, por outros departamentos e centros educativos, así como diferentes institucións e organismos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
20. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Metodoloxía empregada
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
19. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino- aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes". Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior. Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introdución.
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.
- Medidas de atención á diversidade.
- A concreción dos elementos transversais .
- As actividades complementarias.
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará ao final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, a avaliación e o seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados